

Estimados xornalistas:

Poñémonos en contacto con vós, porque os nenos/as de máis de 40 colexios e institutos de toda España, estamos levando a cabo un proxecto eTwinning chamado “*Unidos por nuestras lenguas*” LAL *Aprender Lengua Viva*. Neste proxecto, pretendemos dar valor a TODAS as linguas do noso país. Queremos que sexan motivo de unión e irmandade entre todo o alumnado participante, docentes e familias. Que non nos separen as nosas propias raíces, senon que as podamos coñecer a través de mil actividades conxuntas e chegar a formar parte dun todo común.

Ademáis, queremos sensibilizar á poboación española acerca do uso indiscriminado de estranxeirismos no noso día a día. Somos conscientes que a globalización trae consigo novos termos e acepcións que tomamos prestados ata xeralizar o seu uso. E queremos que os nosos veciños fagan unha pequena reflexión sobre o seu uso e a existencia de palabras maravillosas na nosa lingua que se poderían usar no seu lugar.

Por estas razóns necesitamos a vosa axuda e apoio. Pedímosvos que nos axudedes a dar a coñecer o noso proxecto e potenciar as nosas linguas e dialectos. Necesitamos que o día **17 de maio, Día das Letras Galegas**, vos unades á nosa causa e ese día só empreguedes palabras en galego no voso xornal.

Moitísimas gracias pola vosa atención.

Unidos polas nosas linguas.

